

**PROGRAMA EU Careers Ambassadors**  
**Convocatoria 2024/25**  
**Universidade da Coruña**

## **I. OBXECTO**

A Universidade da Coruña (UDC) convoca unha praza para un/unha estudante que asuma no seu seo as funcións de representante da Oficina Europea de Selección de Persoal (EPSO) durante o ano académico 2024/25.

A EPSO é unha oficina interinstitucional que se encarga da selección de persoal principalmente para o Parlamento Europeo, o Consello da Unión Europea, a Comisión Europea, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, o Tribunal de Contas Europeo, o Comité Económico e Social Europeo, o Comité das Rexións, o Servizo Europeo de Acción Exterior, o Defensor do Pobo Europeo e o Supervisor Europeo de Protección de Datos. Cada unha desas institucións contrata persoal a partir dunha listaxe que lle facilita a EPSO. Para tal efecto, a devandita oficina xestiona o programa EU Careers Ambassadors, destinado a difundir entre a comunidade universitaria europea as distintas posibilidades de emprego nas institucións da UE.

## **II. FUNCIÓNS DO/A EMBAIXADOR/A EPSO**

1. Actuar como punto de contacto para o estudantado interesado en desenvolver unha carreira profesional nas institucións europeas.
2. Desenvolver redes universitarias e divulgar información sobre o emprego nas institucións da UE.
3. Manter unha presenza activa en Internet e nas redes sociais.
4. Dar conferencias, asistir a eventos universitarios sobre saídas profesionais e atopar relatores/as interesantes.
5. Responder as preguntas que poidan facerlle sobre oportunidades de carreira na UE.
6. Buscar grupos destinatarios e establecer contactos cos medios de comunicación universitarios.
7. Crear listaxes de correos e difundir información sobre o emprego nas institucións da UE a través das canles apropiadas.

### III. PERÍODO DE REALIZACIÓN E DURACIÓN DO PROGRAMA

As funcións de representación da EPSO na UDC desenvolveranse desde outubro de 2024 ata setembro de 2025. Esta oficina facilitaralle á persoa seleccionada a formación previa que necesita para levar a cabo o seu labor, a cal terá lugar, previsiblemente, no mes de outubro de 2024 en liña.

### IV. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

1. Ter a cidadanía dun país membro da UE.
2. Expresarse con fluidez en inglés e nun dos idiomas do país onde se estea a estudar.
3. Estar matriculado/a nunha titulación de grao ou mestrado da UDC no momento de se publicar a convocatoria e cursar os estudos de forma presencial nesta institución mentres se vaia ocupar o posto de embaixador/a (de outubro de 2024 a setembro de 2025).
4. Atoparse dispoñible para participar nunha formación obrigatoria dun día de duración, a cal terá lugar previsiblemente en outubro de 2024.
5. Non desempeñar o cargo de embaixador/a EPSO en anteriores convocatorias.

### V. OBRIGAS MÍNIMAS DA PERSOA SELECCIONADA

1. Organizar ou participar como mínimo nun evento ou unha presentación de EU Careers.
2. Dedicar polo menos dúas horas semanais ao seu papel de embaixador/a.
3. Comunicarse periodicamente con quen coordine o programa EU Careers.
4. Participar en todas as actividades de formación organizadas en liña pola EPSO.
5. Manter un rexistro das súas actividades e informar sobre elas con regularidade.

### VI. PRAZO DE INSCRICIÓN

Desde o 19 de febreiro ata o 4 de marzo de 2024.

### VII. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN PARA O ESTUDANTADO

1. O alumnado que desexe participar no programa EU Careers Ambassadors deberá cubrir o formulario que se pode atopar na seguinte ligazón: <https://forms.office.com/e/4vppUU1mz9>. A información sobre a convocatoria estará dispoñible na páxina web da Unidade de Emprego da UDC: <https://www.udc.es/gl/emprego/epsu-eu-careers-ambassadors/>.
2. O alumnado deberá anexar toda a documentación que se lle require no mencionado formulario, nomeadamente a seguinte:
  - Copia do expediente académico onde figure a nota media (resulta suficiente coa obtida a través da Secretaría Virtual).

- Certificados oficiais que acrediten as competencias lingüísticas en inglés con que se conta. No caso de ser nativo/a ou bilingüe, xustificación desta condición.
  - Xustificantes das actividades extracurriculares que o/a candidato/a desenvolvese ou desenvolva desde o seu ingreso na UDC (en casos excepcionais, poderanse admitir actividades previas). Deben ser actividades non vinculadas á titulación cursada, como, por exemplo, as de pertenza a órganos colexiados da universidade, comisións ou comités, asociacións, accións de voluntariado, asistencia a cursos e xornadas, formación en idiomas (agás inglés e galego/castelán) etc. Daráselles preferencia ás actividades máis directamente relacionadas co ámbito europeo. O número máximo de actividades para ter en conta é de dez.
  - Carta de motivación en **galego ou castelán en formato .pdf** e cunha extensión máxima de 500 palabras. Nesta carta, o/a estudante deberá explicar os motivos polos cales considera que debería ser elixido/a como embaixador/a. Poderá reflectir as competencias, habilidades e destrezas (especialmente as que non se poidan detectar a través da documentación achegada) que o/a fan especialmente apto/a para o posto, así como as súas aspiracións, as súas motivacións e o seu grao de compromiso. En todo caso, debe limitarse á extensión máxima e empregar unha redacción formal.
3. De ser preciso, poderase requirirle á persoa candidata que forneza a documentación adicional que sexa oportuna co fin de poder valorar axeitadamente a súa candidatura.

Cada estudante deberá proporcionar, no formulario habilitado para o efecto, os certificados e xustificantes que se indican na convocatoria. De non facelo, quedará excluído/a do proceso de selección. Só se terán en conta e, polo tanto, só se valorarán aqueles méritos debidamente xustificadas dentro do prazo de inscrición.

### VIII. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS CANDIDATURAS

A UDC valorará as persoas candidatas de acordo cos principios de transparencia, capacidade e mérito. Conforme estes principios, aplicarase o seguinte baremo para valorar as solicitudes:

1. Nota media do expediente académico (30 % da valoración total): máximo 30 puntos.
  - Nota cualitativa “Aprobado”: ata 10 puntos.
  - Nota cualitativa “Notable”: ata 20 puntos.
  - Nota cualitativa “Sobresaliente”: ata 30 puntos.
2. Competencias lingüísticas en inglés (20 % da valoración total): máximo 20 puntos.
  - Nivel B1: 5 puntos.
  - Nivel B2: 10 puntos.

- Nivel C1: 15 puntos.
  - Nivel C2 ou bilingüe: 20 puntos.
3. Actividades extracurriculares (30 % da valoración total): máximo 30 puntos.
- Actividades de formación (asistencia a cursos, xornadas, idiomas agás inglés e galego/castelán etc.): ata 5 puntos.
  - Actividades de cooperación e voluntariado: ata 10 puntos.
  - Actividades de participación e asociación (pertenza a comisións, asociacións etc.): ata 15 puntos.

Terán unha ponderación superior aquelas actividades que estean directamente relacionadas co ámbito europeo, así como aquelas que supoñan un maior número de horas.

4. Carta de motivación (20 % da valoración total): máximo 20 puntos.

En caso necesario, poderase convocar as persoas candidatas a unha entrevista persoal.

O/A candidato/a seleccionado/a será quen obteña unha maior puntuación segundo o baremo anterior.

## IX. XESTIÓN, AVALIACIÓN DAS CANDIDATURAS E FASES DO PROCESO

A xestión e avaliación das candidaturas levarase a cabo desde a Unidade de Emprego da Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade.

O proceso de selección desenvolverase de acordo coas seguintes fases:

- Prazo de inscrición: do 19 de febreiro ao 4 de marzo de 2024.
- Publicación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas na Sede Electrónica da UDC, coas candidaturas admitidas por orde de prelación: 11 de marzo de 2024. Presentación de reclamacións: do 12 ao 17 de marzo de 2024. O escrito de reclamación achegarase ao enderezo de correo electrónico [emprego.vee@udc.gal](mailto:emprego.vee@udc.gal), co asunto “EU Careers Ambassadors: reclamación”.
- Publicación da listaxe definitiva de persoas candidatas na Sede Electrónica da UDC, coas candidaturas presentadas por orde de prelación e indicación expresa do/a candidato/a seleccionado/a en primeiro lugar: do 20 ao 21 de marzo de 2024.

A listaxe definitiva servirá como listaxe de agarda para que, no caso de existir renuncias, desde a Vicerreitoría se realice un chamamento por orde de puntuación.

## X. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPDP), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que nos facilite a través da presentación dunha solicitude nesta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son os seguintes: rúa da Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico <[rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal)>.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é a convocatoria do programa EU Careers Ambassadors para alumnado universitario. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir tal fin, sen prexuízo de que se conserven por se existiren responsabilidades legais. A concorrencia a esta convocatoria implica a publicación dos seus datos na resolución da solicitude, dentro do Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC.

A persoa interesada consente expresamente no citado tratamento de datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita; porén, terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos quede xustificado con algunha das outras bases de lexitimación recollidas no artigo 6 do RXPDP. Igualmente, ten dereito a lle solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. De igual xeito, terá dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Tales dereitos poderaos exercer: destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, no apartado de Outros trámites. Así mesmo, pode remitir unha solicitude (por correo postal ou a través dos rexistros presenciais e da Sede Electrónica da UDC) ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico <[rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal)>, coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, co que achegará copia do

DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude á persoa que sexa a delegada de Protección de Datos da UDC, na mesma forma antes indicada, ou ao correo electrónico <[dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal)>.

Tamén ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

## XI. INFORMACIÓN

Emprego UDC Ferrol  
Edificio de Apoio ao Estudo, baixo  
Campus de Esteiro  
Extensións: 3618, 3617, 3616  
Correo electrónico:  
[emprego.vee@udc.gal](mailto:emprego.vee@udc.gal)

Emprego UDC A Coruña  
Pavillón de Estudantes, 1º andar  
Campus de Elviña  
Extensións: 2916, 2903  
Correo electrónico:  
[emprego.vee@udc.gal](mailto:emprego.vee@udc.gal)

Adxunta de Empregabilidade: [adxunta.empregabilidade@udc.gal](mailto:adxunta.empregabilidade@udc.gal).

Na data e lugar da sinatura dixital

A vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade  
María José Lombardía Cortiña